



**CONCELLO  
DE MELIDE**



Plaza do Convento, 5 -15800 MELIDE (A Coruña)  
Tfno: 981505003 – Fax: 981506203  
www.concellodemelide.gal

**ACTA DO 1º EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN DO TRIBUNAL PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO/LISTA DE RESERVA DE UN/UNHA FUNCIONARIO/A INTERINO/A, DIRECTOR/A DA ESCOLA INFANTIL**

En Melide, a 13 de marzo de 2024, ás 17:30 horas, reúnense baixo a presidencia de María José Rodríguez Gómez os seguintes integrantes do Tribunal que se constitúe para valorar 1º exercicio da fase de oposición das aspirantes para a creación dunha bolsa de traballo/lista de reserva de un/unha funcionario/a interino/a, director/a da escola infantil.

Presidenta: María José Rodríguez Gómez  
Secretario: Jesús Manuel Cea Vázquez  
Vogais: Mónica Vilariño Fociños  
Miriam Blanco Rodríguez  
Joaquín José Vázquez Rodríguez

A presidenta declara constituído o Tribunal e aberto o acto acórdase proceder á valoración do 1º exercicio da fase de oposición das aspirantes presentadas:

**1º EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO/LISTA DE RESERVA DE UN/UNHA FUNCIONARIO/A INTERINO/A, DIRECTOR/A DA ESCOLA INFANTIL**

O Tribunal á vista da base 8.2 das Bases da convocatoria formula a seguinte puntuación:

	Nome e Apelidos	Puntuación
1.	MATO MELLA, TAMARA	8,33
2.	RODRÍGUEZ MASCARELL, ESTEFANÍA	7,66
3.	PENA GAREA, NOELIA	6,66
4.	PELETEIRO ROMÁN, PURIFICACIÓN	7

O Tribunal concede un prazo de 2 días hábiles, a contar dende a publicación na sede electrónica do Concello de Melide do anuncio da valoración 1º exercicio da fase de oposición, para posibles reclamacións por parte das aspirantes

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado o acto, convocando ao Tribunal e ás aspirantes para a realización do 2º exercicio da fase de oposición e posterior lectura do mesmo na **CASA DO CONCELLO DE MELIDE** o **xoves día 21 de marzo de 2024 ás 16:30 horas**, dispoñendo a presidenta que se redacte a presente acta que asinan os membros do Tribunal ás 18:05 h, do que eu, SECRETARIO, certifico.

Melide, 13 de marzo de 2024

**O Tribunal**

*Mónica Vilariño*

*María José Rodríguez Gómez*

*Jesús Manuel Cea Vázquez*

*Miriam Blanco Rodríguez*

*Joaquín José Vázquez Rodríguez*



**ANEXO**

1º EXERCICIO FASE DE OPOSICIÓN PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO/LISTA DE RESERVA DE UN/UNHA FUNCIONARIO/A INTERINO/A, DIRECTOR/A DA ESCOLA INFANTIL

NOME E APELIDOS: \_\_\_\_\_

1. Cal dos seguintes non se considera entidade territorial local segundo o artigo 2 da Lei 7/1985 do 2 de abril?

- a) o concello
- b) a provincia
- c) áreas metropolitanas

2. A forma política do Estado español é?

- a) monarquía absoluta
- b) república federal
- c) monarquía parlamentaria

3. Cal é a poboación actual do Concello de Melide

- a) 2.756 habitantes
- b) 12.896 habitantes
- c) 7.864 habitantes

4. As escolas infantís prestarán servizo:

- a) de 0 meses ata os 3 anos
- b) de 3 meses a 3 anos
- c) de 5 meses a 3 anos

5. Cantas horas como máximo e con carácter xeral pode permanecer un neno/a na escola infantil

- a) 6 horas ao día
- b) 8 horas ao día
- c) 10 horas ao día

6. Con cantas prazas autorizadas conta a Escola Infantil de Melide?

- a) 86
- b) 50
- c) 110

7. Segundo a Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se regula a atención á diversidade, cal das seguintes opcións non é unha necesidade específica de apoio educativo:

- a) dificultades específicas de aprendizaxe.
- b) atraso madurativo.
- c) descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe.

8. Cal sería a frecuencia para aplicar correctamente a RCP a un alumno/a tras sufrir un accidente e despois de comprobar que non responde, non respira e non ten circulación?:

- a) 30 compresións torácicas e 2 insuflacións.
- b) 30 compresións torácicas e 5 insuflacións.
- c) 20 compresións torácicas e 2 insuflacións.

9. A organización do horario na Escola Infantil:

- a) Terá en conta a distribución das actividades cotiás en torno a rutinas e respondendo ás necesidades de alternancia entre tempos de actividade e descanso.
- b) Configúrase de forma colectiva durante o primeiro ano.





c) Debe de ser rixida para que todos/as os nenos e nenas se adapten ás necesidades de organización da escola.

10. O documento que recolle, entre outros elementos, os dereitos e deberes de toda a comunidade educativa é:

- a) regulamento de réxime interno.
- b) programación xeral anual.
- c) proxecto educativo.

11. Cal é o obxectivo principal do Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA)?

- a) Adaptar a todo o alumnado por igual.
- b) Eliminar as barreiras para a aprendizaxe.
- c) Avaliar o rendemento do alumnado para a detección de necesidades.

12. Para que autor ou autora “A clave da educación está na educación dos cinco sentidos”?

- a) Celestin Freinet.
- b) Ovide Decroly.
- c) María Montessori.

13. Entendemos por material didáctico:

- a) Todos aqueles obxectos ou instrumentos cos cales o alumnado pode relacionarse co seu entorno escolar elaborados con fins educativos.
- b) Todos aqueles obxectos ou instrumentos cos que o alumnado pode relacionarse co seu entorno escolar elaborados con ou sen fins educativos.
- c) Son os materiais elaborados para o desenvolvemento intelectual dos nenos e nenas da aula.

14. Na etapa holofrásica...

- a) O neno/a emite sons.
- b) O neno/a emite unha soa palabra.
- c) O neno/a constrúe as súas primeiras frases con suxeito e predicado.

15. As estacións de aprendizaxe na Educación Infantil son:

- a) Espazos fixos na aula onde se realizan actividades dirixidas polo docente.
- b) Espazos flexibles e dinámicos que invitan á exploración e a aprendizaxe autónomo a través de diferentes materiais e actividades.
- c) Recunchos de xogos no patio onde se fomenta o xogo libre.

16. O decreto que regula o currículo na etapa de educación infantil é:

- a) Decreto 330/2022, do 4 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Decreto 155/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

17. No desenvolvemento psicomotor do neno ou nena, a Lei de maduración Céfalo-Caudal di:

- a) Que se dominan antes os músculos grandes que os pequenos.
- b) Que se establece desde as partes superiores do corpo ás inferiores.
- c) Que se desenvolvan antes as partes corporais centrais que as alonxadas do centro.

18. A contracción forte, espasticidade ou rixidez, que provoca a ralentización nos axustes posturais, coñécese como:

- a) tonicidade
- b) hipotonía
- c) hipertónía



19. As actuacións previstas para a colaboración permanente coas familias, inclúiranse en:

- a) a proposta pedagóxica
- b) o regulamento de réxime interno
- c) a programación xeral anual

20. Cal das seguintes características pertence ao Estadio Preoperacional, segundo a Evolución do Desenvolvemento Cognitivo de Jean Piaget?

- a) desenvolvemento da abstracción numérica
- b) noción aproximada de cantidade
- c) desenvolvemento da abstracción reflexiva

21. O TEL é un trastorno específico da linguaxe, con que outro nome se lle coñece?

- a) Disfasia da linguaxe
- b) Disfaxia da linguaxe
- c) Disnea da linguaxe

22. Das técnicas que se citan a continuación, cal NON está relacionada coa educación plástica?

- a) collage
- b) role-playing
- c) esgrafiado

23. Ante un neno/a que se desvanece e está inconsciente, como actuarías?

- a) Séntoo, achego alcol ao nariz para que reaccione e así o fluído do sangue ao cerebro é moito máis rápido
- b) Déixoo tombado, elévolle as pernas para que haxa un maior retorno venoso ao cerebro
- c) Chamaria rapidamente ao 061

24. De ser necesario, en que caso realizarías unha manobra de Heimlich?

- a) Ante alguén que convulsione
- b) ante alguén que ten unha hemorraxia
- c) Ante alguén que sofre un atragantamento

25. Por que cres que é importante manter unha boa hixiene persoal?

- a) Porque nos prevén de enfermidades.
- b) Porque nos permite ter unha boa calidade de vida.
- c) Ambas son correctas.

26. A incapacidade tanto para falar como para entender correctamente é un tipo de trastorno da linguaxe. Con cal destes tres o identificarías?

- a) trastorno da linguaxe receptiva
- b) Trastorno da linguaxe expresiva
- c) trastorno da linguaxe mixto

27. Que autor puxo de manifesto a existencia da sexualidade infantil?

- a) Mary Ainsworth
- b) Bandura
- c) Freud

28. Ante unha reacción alérxica moi grave nun neno/a, é preciso administrar un tratamento de urxencia que consiste en:

- a) Administrar un dispositivo de adrenalina precargada autoinixectable
- b) Administrar antihistamínicos máis corticoide
- c) Administrar antibiótico máis antihistamínico





29. Cal dos seguintes materiais didácticos se podería empregar para o desenvolvemento da motricidade fina?

- a) colchonetas
- b) comets
- c) balóns

30. Por que decreto se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia?

- a) Decreto 329/2005, do 28 de xullo
- b) Decreto 150/2022, do 8 de setembro
- c) Decreto 23/2020, do 23 de decembro

**RESERVAS:**

1. Un requisito fundamental para considerar unha boa aula de educación infantil será:

- a) Que teña unha boa variedade de cores.
- b) Que teña un mobiliario de calidade.
- c) Que o número de alumnado non exceda a ratio.

2. Cal dos seguintes non é un protocolo educativo da Xunta de Galicia:

- a) Protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en atención temperá
- b) Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outros trastornos de aprendizaxe
- c) Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva

3. A máxima responsabilidade na educación e na formación da personalidade do neno/a tena:

- a) o centro infantil.
- b) a familia coa axuda do centro infantil que a complementa.
- c) a familia.

Mónica Chivari

Mr. José Pérez